

# THE POWER OF KANGWON PROVINCE 1746

Hong Sangsoo, 1998

ESTREA EN NUMAX: 18.05.2026 | V.O.S.E. | 110 min

Ji-Sook viaxa con dúas amigas á provincia de Kangwon, onde coñecen un policía que as axuda na súa estancia e que inicia unha relación con Ji-Sook. Por outra banda Sang-Kwon, un home casado, vai a Kangwon no mesmo tren cun amigo.

O pase, incluído na Carta branca a Ángel Santos, será presentado polo cineasta pontevedrés.



## Os primeiros pasos dun grande autor

Por Dani Álvarez López

Hong Sangsoo, o prolífico cineasta surcoreano, é coñecido, alén de pola súa prolífica filmografía, polo seu estilo tan particular, un cinema que destaca polo seu depurado minimalismo. Na película que nos ocupa, *The Power of Kangwon Province* (1998), a súa segunda longametraxe, aínda non desenvolvera do todo a súa aposta formal á hora de rodar, pero si que aparecían xa trazos da súa identidade como cineasta que derivarían nas súas características autorais. Hong Sangsoo foi galardoado co premio a mellor dirección e mellor guión nos Blue Dragon Film Awards, a cerimonia anual que busca premiar a excelencia cinematográfica de Corea do Sur.

*The Power of Kangwon Province* divide o seu argumento en dúas partes, cada unha ofrecendo un punto de vista distinto ao centrarse en personaxes diferentes. Na primeira parte, un grupo de amigas visitan a provincia de Kangwon, viaxe no que coñecen a un mozo policía que decide axudalas durante a súa estancia. Ji-Sook (Oh Yun-hong), que vén dunha ruptura recente, comeza unha relación con el. Na segunda parte, Sang-Kwon (Baek Jonh-hak) e un amigo, ambos no mesmo tren que o grupo de Ji-Sook, tamén viaxan a Kangwon a pasar alí uns días. Con esta premisa, o director surcoreano xoga co azar e as coincidencias desde unha sutileza absoluta, deixando caer pequenos detalles para que sexa o propio espectador quen ate cabos. Cunha pintura na parede ou mediante unha noticia que reporta un crime, Sangsoo enlaza as historias cuxa unión se mantén fóra de plano. Aparentemente separadas, as protagonistas de ambas as historias pasan por un dó melancólico en busca de algo que as poida facer sentir mellor, compartindo algo máis que Kangwon como destino da viaxe.

*The Power of Kangwon Province* constrúese a base de planos fixos nos que, habitualmente, os personaxes dialogan entre eles. Os zooms ou lixeiros movementos de cámara que tanto caracterizan ao director surcoreano non teñen presenza neste filme cun enfoque aparentemente máis clásico. Ademais, os planos non se prolongan tanto, nin sequera naqueles nos que os personaxes están a comer ou beber, seguindo unha estrutura de escenas máis concisas e funcionais en pos dunha narrativa lineal en lugar de distendidas conversas. Isto non significa que os diálogos sexan menos importantes, seguen sendo o tronco principal aínda que sexan máis breves e cambien con máis frecuencia. As conversas mantéñense cotiás e en ocasións non parecen ter demasiada relevancia para a trama, pero aínda que non teñan a finalidade de facer avanzar o argumento, sempre achegan algo ao mundo da película e, especialmente, ao transfondo dos personaxes.

Con esta pequena historia de tramas cruzadas, a segunda longametraxe do director surcoreano, Sangsoo xa estaba encamiñado na construción do seu estilo tan recoñecible. Máis aló da proposta formal, tamén son apreciables temáticas recorrentes da súa filmografía. Na provincia de Kangwon, o lugar común ao que acoden Ji-Sook e Sang-Kwon nos seus momentos baixos, Sangsoo céntrase nos seus protagonistas para crear un pequeno retrato da cotiandade con desenganos amorosos, relacións interpersoais e, por suposto, conversas baixo a influencia do alcol.